

A nosa referencia: Deportes

Asunto: Informe relativo á xustificación de prezos presentada pola empresa Galicia Outsourcing, S.L.
Expte. TEDeC: 2020/C004/000017

Vista a oferta presentada ao LOTE 1, pola empresa Galicia Outsourcing, S.L., con data 8/8/2020 a través da plataforma de contratos, para participar no proceso de contratación relativo a "*SERVICIOS PARA EL DESARROLLO DE ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS Y CULTURALES AL AIRE LIBRE ORGANIZADOS POR EL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE DURANTE 2 ANOS*".

INFORMO:

Que as funcións a realizar polo persoal que se establece como mínimo necesario para a execución do Lote nº 1 do presente contrato encádranse dentro do Grupo 3 de clasificación establecido no *III Convenio colectivo de instalaciones deportivas y gimnasios de la Comunidad Autónoma de Galicia 2016-2018* (DOG nº25 de 6 de febrero de 2017), por entender que nel encaixan a maioría das funcións a desempeñar.

Neste grupo están incluídos os traballadores que exercen **funcións de execución autónoma** que esixen habitualmente, iniciativa e decisión por parte do traballador encargado da súa execución. Así mesmo integran, **coordinan e supervisan tarefas** de contido homoxéneo, realizadas por un grupo de colaboradores. **A formación requirida será a equivalente á titulación académica de grado medio, formación profesional de primeiro grao ou titulación específica das tarefas que desempeñe**, ou ben unha acreditada e dilatada experiencia adquirida no sector.

Que no II Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural, que aplica a empresa Galicia Outsourcing, S.L., para o cálculo dos costes de persoal, concretamente o grupo IV, Monitor/a de ocio educativo y tiempo libre, establece que será a persoa que, coa titulación académica requirida pola lexislación vixente e/ou experiencia acreditada na actividades **dinamiza o desenvolvemento de programas de ocio educativo e/ou tempo libre**.

En conclusión, a xuízo do funcionario informante, de aceptarse a oferta da empresa "Galicia Outsourcing, S.L.", non se pode garantir o cumprimento do obxecto do contrato do Lote 1. As funcións e tarefas a desenvolver recollidas no PPT, requiren de monitores especializados, aos que se lles require na maioría dos casos formación deportiva específica, que exerzan funcións de xeito autónomo, coordinen e supervisen, frente á proposta do licitador de persoal dinamizador de programas recreativos

O que se informa aos efectos oportunos.

Cambre na data da sinatura electrónica

O coordinador da Área

José Martínez Názara